

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA  
16 DE OUTUBRO DE 2006**

**CONCORRENTES**

**Presidente:**

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

**Concelleiros**

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Dona Eva María Vilariño González(CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal(CIM)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Luis Purriños Pena(CIM)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don José María Laya Carril (CIM)

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

**Interventora**

Dona Marta Roca Naveira

**Secretario**

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de actos do Centro Social da Rúa en Miño, habilitado como salón de plenos do Concello polas obras que se realizan na Casa do Concello, ás vinte horas do día dezaseis de outubro de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os seguintes concelleiros: don Jesús Veiga Sabín; dona Eva María Vilariño González, don José Manuel Rodríguez Vidal, don Juan José Herva Mallo, dona María Rosario Manso López, don Luis Purriños Pena, don José Paz Tenreiro, don José María Laya Carril, don Miguel Anxo Abreira Sobrado, don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asisten á sesión os concelleiros don Manuel José Pérez Martínez e don Antonio Medín Pena.

Está presente a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior correspondente ao día 2 de outubro de 2006, coa abstención do concelleiro do BNG Sr. Abreira Sobrado e dez votos a favor dos demais membros da Corporación que asisten á sesión, queda aprobada.

**2.- HABILITAR O LOCAL SOCIAL DA RÚA COMO SALÓN DE PLENOS.-** Dáse conta da Resolución da Alcaldía, notificada aos membros da Corporación, pola que se habilita o edificio do Centro Social da Rúa en Miño para celebrar as sesións do Pleno debido ás obras que se realizan na Casa do Concello, dando así cumprimento ao que dispón o art. 85 do ROF.

**3.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.-** Dáse conta e quedan informados das resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria, números 913/06 a 1.103/06, que estiveron á súa disposición dende a convocatoria da sesión.

**4.- FESTAS LOCAIS 2007.-** O Pleno do Concello acorda por unanimidade ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local e propoñer como festas locais para o ano 2007, o 29 de xuño (festas patronais) e o 20 de febreiro (martes de entroido) e que deste acordo se remita certificación á Delegación Provincial de Traballo para a confección do calendario laboral do ano 2007.

**5.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA REDE DE COLECTORES.-** Visto o expediente tramitado para a contratación das obras "Rede de colectores en Perbes, Bemantes, Castro e Leiro e rede de captación de pluviais en Miño (2ª fase)", de

conformidade co ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, O Pleno do Concello, coa abstención dos concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG e Laya Carril e nove votos a favor dos demais membros da Corporación que asisten á sesión acorda:

1º.- Aprobar o proxecto técnico da obra “Rede de colectores de Perbes, Bemantes, Castro, e Leiro e rede de captación de pluviais en Miño (2ª fase), redactado polo enxeñeiro de camiños Javier López Pita, cun orzamento de execución por contrata de 4.059.752,75 euros.

2º.- Aprobar o prego de condicións redactado e que se proceda á súa publicación e convocatoria, declarando urxente a súa tramitación polos motivos expostos no expediente, con inserción de anuncios no DOG, BOP e un xornal dos de maior circulación na provincia.

A Presidencia quere deixar claro que esta obra estaba prometida polo anterior goberno da Xunta e esta ía ser subvencionada na súa totalidade, segundo o convenio asinado, polo que lle correspondería ao actual goberno da Xunta financiar a obra, ao negarse a isto e ante a necesidade deste servizo, o Concello faise cargo do financiamento da obra cos seus propios recursos.

Logo da declaración de urxencia por oito votos a favor e tres abstencións dos concelleiros señores Abraira do BNG, Cortizas do PSG-PSOE e Laya Carril, éntrese a debater e votar os seguintes asuntos:

**6.- GASTO PLURIANUAL NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS.-** Visto o expediente tramitado para a contratación das obras de “Rede de colectores en Perbes, Bemantes, Castro e Leiro e rede de captación de pluviais en Miño (2ª fase)” cun orzamento de execución por contrata de 4.059.752,75 euros e un financiamento plurianual que sería o seguinte:

Anualidade 2006.....	1000.000,00 euros
Anualidade 2007.....	1500.000,00 euros
Anualidade 2008.....	1500.000,00 euros
Anualidade 2009.....	59.752,75 euros

Considerando que con este desagregamento por anualidades non se cumpren os límites cualitativos previstos na normativa vixente, os cales poden ser elevados en virtude da habilitación contida na lexislación vixente.

De conformidade coa proposta da Comisión Informativa de Facenda, o Pleno do Concello, coa abstención dos concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG e Laya Carril e nove votos a favor dos demais membros asistentes á sesión, acorda:

Aprobar o gasto plurianual correspondente ao investimento da obra de “Rede de colectores en Perbes, Bemantes, Castro e Leiro e rede de captación de pluviais en Miño (2ª fase)”, de acordo co determinado nos parágrafos anteriores.

O Sr. Abraira sinalou que ía absterse, xa que con estes gastos plurianuais o que se está é hipotecando o futuro dos orzamentos municipais e debería ser a Corporación que saia das urnas a que tomase estas condicións, xa que estamos a xogar co diñeiro dos contribuíntes.

A Presidencia manifesta que a intervención do Sr. Abraira constitúe un acto de grave cinismo, el sabe que os veciños desexan estas obras, e xa que o goberno autonómico non nola subvenciona, temos que realizalas cos nosos propios recursos.

**7.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS.-** Visto o expediente de contratación das obras “Rede de colectores en Perbes, Bemantes, Castro e Leiro e rede de captación de pluviais en Miño (2ª fase)” o cal foi cualificado como de gasto

plurianual, co desagregamento por anualidades que vai dende o exercicio 2006 ata o 2009.

Estamos diante dun investimento de carácter plurianual, cuxo numero de anualidades é de tres e o gasto que se imputa aos exercicios 2007, 2008 e 2009 excedían as porcentaxes previstas inicialmente na Lei das facendas locais (70%, 60%).

Considerando que o apartado 5 do artigo 174 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, prevé que o Pleno da Corporación poderá excepcionalmente elevar as porcentaxes a que se refire o apartado 3 do art. 174 e na medida en que debido ao orzamento a que ascende o presente investimento, resulta imposible habilitar o crédito na anualidade do exercicio 2006 polo crédito necesario para dar cumprimento ás porcentaxes definidas no art. 174.2.

De conformidade co ditame da Comisión Informativa de Facenda, o Pleno do Concello, coa abstención dos concelleiros Sres. Abreira do BNG e Laya Carril, e nove votos a favor dos demais membros da Corporación que asisten á sesión, acorda:

1º.- Aprobar a elevación das porcentaxes nas anualidades de 2007 e 2008 a que fai referencia o apartado 3 do art. 174 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ante a imposibilidade de habilitar o crédito na anualidade de 2006, necesario para garantir o cumprimento dos límites porcentuais determinados na lei. As porcentaxes resultantes quedarían como segue:

	Importe anualidade (€)	Porcentaxe anualidade (%)
Ano 1 (anualidade 2007)	1.500.000,00 €	150%
Ano 2 (anualidade 2008)	1.500.000,00 €	150%
Ano 3 (anualidade 2009)	59.752.75 €	6%

2º.- Que se proceda á inserción no anexo de investimentos do exercicio 2006, de modo que se xunte como anexo a ficha do presente gasto plurianual, cuxo contido é o seguinte:

Proxecto: Rede de colectores en Perbes, Bemantes, Castro e Leiro e rede de captación de pluviais en Miño (2ª fase)

Ano	Partida gastos	Descrición	Importe
2006	441/60103	Investimentos en abastecemento, saneamento e distribución de auga	1.000.000,00 €
2007	441/60103	Investimentos en abastecemento, saneamento e distribución de auga	1.500.000,00 €
2008	441/60103	Investimentos en abastecemento, saneamento e distribución de auga	1.500.000,00 €
2009	441/60103	Investimentos en abastecemento, saneamento e distribución de auga	59.752,75 €
		Total gastos	<u>4.059.752,75 €</u>

Financiamento		
Ano	Descrición	Importe
2006	91700.-Préstamo	890.000,00€
	39700.-Aproveitamentos urbanísticos	<u>110.000,00€</u>
	Total financiamento	1.000.000,00€

**8.- ESTUDO DE DETALLE.-** Visto o estudo de detalle que presenta o **Grupo Inmobiliario Alveal S.L.** para a **APOD-19** do PXOM, núcleo urbano consolidado en Bermaño-Perbes, Ordenanza Z1A e redactado polos arquitectos Sres. Carbajo e Barrios, colexiados núms. 2591 e 3307 respectivamente.

Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local na sesión do 8 de setembro de 2006 e foi exposto ao público con inserción de anuncios no taboleiro de edictos, DOG núm. 183 do día 21/09/06 e no Xornal *La*

*Opinión* do día 15-09-2006, sen que durante o prazo de exposición se presentara reclamación de ningunha clase.

De conformidade co que establece o art. 89.2 da Lei 9/02 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, logo da declaración de urxencia, o Pleno do Concello, coa abstención dos concelleiros Sres. Abraira do BNG, Cortizas do PSG-PSOE e Laya Carril, e oito votos favor dos restantes membros da Corporación que asisten á sesión, acorda:

1º.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle sinalado anteriormente.

2º.- En cumprimento do que establece o art. 92.3 da citada Lei 9/02, comuníquese esta aprobación á CPTOPT, co traslado dunha copia dilixenciada do expediente e dous exemplares do instrumento aprobado con todos os planos e documentos debidamente dilixenciados, e queda condicionada a firmeza deste acordo de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle ao cumprimento do sinalado anteriormente, como establece o art. 92.4 da Lei 9/02.

**8.- CONTROL AO EQUIPO DE GOBERNO. MOCIÓNS.-** O concelleiro Sr. Abraira Sobrado pide a palabra e dá lectura ao seguinte escrito. “o Decreto 245/2003 establece unhas normas mínimas de seguridade que deben cumprir os parques infantís. Ditos parques infantís nos concellos limítrofes de Paderne, Vilarmaior, Pontedeume, Betanzos están sendo adaptados a este decreto. No Concello de Miño non se iniciaron pasos reais para adecuarse á lei, máis ben todo o contrario, pois colocáronse vallas de madeira tratada sen lixar o que provoca que as estelas se craven nas mans dos nenos e nenas e se lles infecten as feridas.

Por todo o antedito

Proponse

Que o Concello acometa de xeito urxente as obras necesarias para cumprir co Decreto 245/2003 previndo no peor dos casos a partida orzamentaria suficiente nos orzamentos do 2007.”

Sometida a votación a urxencia, fano a favor os concelleiros Sres. Abraira do BNG, Cortizas, do PSG-PSOE e Laya Carril, que suman tres votos e en contra os oito membros da Corporación restantes que asisten á sesión, polo que por maioría se desestima.

- O mesmo concelleiro Sr. Abraira do BNG dá lectura o seguinte escrito: “Expón que tendo coñecemento por visitar *in situ* que o local social de Carantoña ten importantes goteiras que o están deteriorando de xeito alarmante e diante da chegada inminente do inverno

Proponse

Que o Concello acometa de xeito urxente as obras necesarias para reparar os desperfectos antes citados, así como outros que poidan existir no local social de Carantoña.”

Sométese a votación a urxencia e coa abstención do concelleiro Sr. Laya Carril e dez votos a favor dos restantes membros da Corporación que asisten á sesión, apróbase esta e éntrase a debatela.

A Presidencia sinala que estamos pendentes de que os técnicos municipais redacten un proxecto para solucionar este problema. O Sr. Abraira indica que se deben reparar estas anomalías o antes posible.

**A moción apróbase con dez votos a favor e a abstención do concelleiro Sr. Laya Carril.**

- O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas dá lectura ao seguinte escrito: “Sr. alcalde os motivos que nos levan a presentar esta moción son claramente xustificables, xa que o noso Concello a día de hoxe está a sufrir un crecemento en desenvolvemento urbanístico moi importante.

Estamos preto de comezar obras de grande importancia no noso Concello, coma son o BULEVAR, o desenvolvemento do PIÑEIRO e outras máis que están en fase de execución e tamén de estudo. E que sen dubida algunha mellorarán a imaxe do noso Concello e tamén a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas. Pero todo este crecemento ten que ir acompañado obrigatoriamente dun maior control de supervisión nas construcións, obrigando a cumprir así coas normas urbanísticas do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL e eliminando, deste xeito, o feísmo que algunhas construcións de rúas do Concello nos poñen de exemplo.

POR TODO ISTO, sometemos á consideración do Pleno da Corporación esta MOCIÓN para que este adopte os seguintes ACORDOS:

1º- Estúdese unha reorganización na Área de Urbanismo para que os técnicos Municipais nesta materia poidan dedicar máis tempo ao seguimento e supervisión de todo tipo de construcións.

2º- Fágase cumprir rigorosamente a normativa vixente nesta materia e obrigar aos profesionais da construción a cumprir coas súas obrigas legais en materia de urbanismo.“

Declárase a urxencia por unanimidade dos asistentes á sesión.

A Presidencia sinala que a nosa intención sempre é que se respecte a normativa urbanística, a cal estamos obrigados a vixiar, nestes momentos estamos pendentes de que o arquitecto nos sinale as necesidades deste departamento, para a súa reestruturación e ampliar o persoal.

O Sr. Abaira do BNG sinala que está a favor da moción, xa que na actualidade este departamento de urbanismo é un caos, chégase tarde a informar os expediente e non se vixían as obras, alédome, di, que o Sr. alcalde recoñeza isto e intente remedialo.

A Presidencia contesta que me lembra vostede a un reloxo de cuco, que está caladiño e aparece de súpeto para disparar contra nós, vostede non traballa nin está facendo nada positivo polo seu municipio.

**A moción apróbase por unanimidade.**

O concelleiro Sr. Herva Mallo dá lectura ao seguinte: "Debido ás deficiencias observadas durante o presente verán no funcionamento do Centro de Saúde, motivadas pola falta de persoal, e ante o perigo de que o problema se agrave no futuro como consecuencia do incremento de poboación que está a experimentar o noso municipio, o Grupo Popular proponse ao Pleno a seguinte moción:

Solicitar da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia o reforzo deste servizo, cun médico e un ATS en xornada de tarde, un médico máis na tempada de verán, unha persoa de servizos xerais, ademais do compromiso de substituír o médico ou médicos cando estes se ausenten por baixas ou vacacións."

Sométese a votación a urxencia da moción e é aprobada por unanimidade.

O Sr. Cortizas do PSG-PSOE manifesta que hai uns meses reuniuse coa conselleira de Sanidade e quedou en que durante o mes de setembro recibiría o alcalde e tratarían este tema. A Presidencia contesta que precisamente porque non tivemos ningunha noticia presentamos esta moción, pois estivemos agardando ata agora.

O Sr. Abaira do BNG sinala que entende que si pode haber necesidades como un pediatra ou reforzar os médicos polos problemas das substitucións, di, teño que dar as grazas ao Sr. alcalde polas palabras amables que me dedica nos plenos. Nós, agás que se especifiquen claramente as necesidades, votaremos en contra.

O Sr. Cortizas indica que a Consellería coñece esta necesidade. A Presidencia sinala faremos esta solicitude e o PSG-PSOE e BNG poden realizar as xestións que estimen oportunas, cremos moi necesario que haxa un médico de tarde, se realicen as substitucións e no período de verán que se cuadriplica a poboación, hai que reforzar este persoal.

Sométese a votación e co voto en contra do concelleiro do BNG Sr. Abreira e dez votos a favor dos demais asistentes, **apróbase** e que se remita certificación á Consellería de Sanidade con atento oficio, solicitando o cumprimento do acordado.

**9.- ROGOS E PREGUNTAS.-** O concelleiro Sr. Abreira do BNG formula a seguinte pregunta: “No contrato administrativo asinado entre Jesús Veiga Sabín como representante do Concello e José Ares Santiso en representación de FADESA recollíase no apartado IV-d a seguinte mellora:

d) Mellora da seguridade na zona SEMIURBANA DA ESTRADA CP-4802 Perbes Campolondo desde a Besada cun importe de 163.475,29 euros.

No BOP núm. 227 do 2 de outubro De 2006 recóllese uns anuncios de contratación deste Concello por un importe de 159.475,05 euros para a urbanización de Fondal-Bermaño. Outro anuncio máis, é recollido por un importe de 280.682,27 euros para a urbanización Fondal-Polideportivas. Outro anuncio máis para a contratación por 149.941,38 euros para a urbanización Perbes-desvío polideportivas. Outro máis para a construción de beirarrúas en tramo VRD2-Apeadeiro por 117.084,44 euros e un anuncio derradeiro para a construción de beirarrúas no tramo Andel-VRD3 por 78.435.62 euros.

Considera o alcalde que as obras que aquí se sinalan son as máis necesarias a realizar nas parroquias de Perbes e Vilanova?

Pensa o alcalde que ditas obras van influír dun xeito moi positivo na valoración dos posíbeis compradores das vivendas da urbanización de FADESA por establecer a chegada a esta macro-construción?

Como pretende a Alcaldía compaxinar as obrigas que FADESA ten para parte destes trazados e que aparecen recollidas no contrato administrativo e a realización das obras que se nomearon e saíron a concurso?

Considera a Alcaldía que beneficiar cos impostos de todos os cidadáns a unha empresa e moralmente aceptable?”

A Presidencia sinala que se contestará por escrito.

- O mesmo concelleiro pregunta “Solicitou a Alcaldía algunha xuntanza co delegado da COTOP ou a conselleira para entregar copia do proxecto da rede de sumidoiros e colectores en Perbes, Bemantes, Castro e Leiro e rede de captación de pluviais en Miño?

A Presidencia indica que se contestará por escrito.

- O Sr. Abreira pregunta: “Considera o alcalde que o concelleiro está mal documentado e vostede estao ben cando me contesta que ás miñas preguntas me responderá nos vindeiros días por escrito.

O Sr. alcalde indícalle que se lle contestará por escrito.

- O Sr. Cortizas do PSG-PSOE pregunta: “Sr. alcalde desde hai cando menos dous anos no paseo marítimo da praia faltan as pantallas e as lámpadas de cando menos catro dos farois ornamentais que alumean o paseo, ¿que teñen pensado vostedes facer, arranxalos ou deixar que desaparezan todos?”

O Sr. alcalde dille que se lle contestará por escrito.

- “Sr. Veiga Sabín, hai aproximadamente dous meses falei con vostede para que lle transmitira ao Sr. coordinador da Policía local Grumir e Protección Civil, a necesidade e a urxencia de pintar o paso de peóns e arranxar o farol que o alumea á altura da intersección coa rúa robaleira, este paso é ben frecuentado por xente de avanzada idade xa que en toda esa zona de Loios non hai outro ¿teñen pensado vostedes pintalo e sinalizalo ou esperan a que haxa algunha desgraza para tomar medidas?”

A Presidencia contesta que esa estrada non é do Concello e o seu mantemento e conservación correspóndelle ao goberno da Xunta. Replica o Sr. Cortizas que noutras ocasións e lugares fano. Contesta a Presidencia que efectivamente, pero isto é unha xestión que lle corresponde ao delegado da CPTOP, e non estaría mal que llo dixera ao delgado que é o responsable; o que queremos é que cada administración cumpra coa súa responsabilidade. O Sr. Cortizas sinala que falou co coordinador da Policía e díxolle que non había ningún problema. O Sr. veiga di que chamou ao coordinador e púxose en contacto con Vde.

O alcalde sinala que se tardamos en responder ás peticións que se nos fan, pedimos desculpas, pero neste caso é responsabilidade de estradas da Xunta.

- O Sr. Cortizas pregunta: "Sr. alcalde con referencia á solicitude feita polo Concello de Miño ao Ministerio de Fomento pedindo a reversión de titularidade de varios tramos de viais, entre eles o da rúa da Carreira, ¿pódenos aclarar vostede a situación, a día de hoxe hai xa confirmación de FOMENTO, que tramos de viais cedeu o MINISTERIO?"

A Presidencia contesta que se lle comunicará por escrito.

O Sr. Abraira do BNG roga que a moción á Delegación de Sanidade se remita co voto en contra do BNG.

- Este concelleiro roga "que poña a traballar ao coordinador de Protección civil e que se solucionen os desperfectos causados pola chuvia nos viais municipais".

A Presidencia indica Vde. non ten a palabra e o concelleiro replica que conste en acta que este concelleiro se retira do Pleno pola falta de respecto cara á súa persoa da Presidencia.

A Alcaldía manifesta que o coordinador estivo dez días sen durmir tentando reparar os desperfectos causados polas chuvias e estas insinuacións son unha inxustiza.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás vinte e unha horas, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente

O secretario